

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL "XOVE, A SÚA COSTA E O SEU MAR"

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá na protección do medioambiente, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do IV Concurso de Fotografía Mediomabiental "Xove, a súa costa e o seu mar", coas seguintes especificacións:

1.- Entidade adxudicadora

- a.- Organismo: Alcaldía-Presidencia do Concello de Xove
- b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura-Medioambiente

2.- Obxecto

Concesión de premios do concurso de fotografía medioambiental organizado polo Concello de Xove.

3.- Orzamento

A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 450,00 €, con cargo á partida 334.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

4.- Contía dos premios

Haberá dúas categorías: Adultos e xuvenil

Adultos.

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou mais

- Primeiro premio: 100 euros
- Segundo premio: 75 euros
- Terceiro premio: 50 euros

Xuvenil

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan menos de 18 anos

- Primeiro premio: 100 euros
- Segundo premio: 75 euros
- Terceiro premio: 50 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

5.- Requisitos dos participantes e solicitudes de participación no concurso

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

Toda a documentación será presentada nun sobre pechado consignando no seu exterior *III Concurso de fotografía medioambiental "Xove, a súa costa e o seu mar"*.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición-autoría establecida ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante
- CD que conteña as imaxes dixitais

O sobre deberá presentarse ata o día **15 de setembro de 2017**, e poderase presentar tanto no Rexistro de Entrada de Documentos (Casa do Concello, camiño real, s/N; 27870, Xove) coma mediante envío por correo postal ordinario. Neste último caso, deberase facer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación, que será igualmente como máximo, o día 15 de setembro de 2017.

6.- Nomas do concurso

-A temática do concurso será "Xove, a súa costa e o seu mar".

-As imaxes deberán ser realizadas poos propios participantes. En ningún caso se aceptarán imaxes copiadas ou realizadas por persoas distintas das participantes. No caso de que a organización comprobe algunha irregularidade na presentación das fotografías (copias ou non autoría), suporá a automática eliminación do participante no concurso.

-Poderanse presentar un máximo de 3 fotografías por participantes. Deben ser orixinais e terán que ter sido sacadas dentro do término municipal de Xove

-Deberanse presentar en formato dixital (JPEG) en alta calidade (sen compresión) a unha resolución mínima de 2048 píxeles sen limitación de tamaño en MB.

-As imaxes premiadas neste concurso quedarán en propiedade do Concello de Xove, que poderá facer uso das mesmas para a súa publicación.

7.- Procedemento de entrega de premios

Unha vez rematado o concurso, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías, non podendo recaer máis de un premio na mesma persoa. De acordo coa mesma entregarase aos gañadores un

cheque-regalo que poderá gastarse en calquera establecemento comercial ubicado dentro do término municipal de Xove.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Alcaldía-Presidencia, órgano competente para a concesión dos premios.

O establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou gañador, tal e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio, unha vez concedidos pola Alcaldía-Presidencia.

8.-Outras informacións

Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tfno. 982.59.20.01